

SHOOTING FOR MIRZA 1079


Juan Gautier, 2021

ESTREA EN NUMAX: 13.03.2023 | V.O.S.E. | +7 | 93 min

Mirza Delibašić reinou no baloncesto europeo dos anos 70 e primeiros dos 80. A súa clase e a súa elegancia á fronte do Bosna Sarajevo, do Real Madrid e da mítica selección iugoslava convertérono nunha lenda. O estoupido da guerra de Bosnia situouno nunha encrucillada dramática. Mirza decidiu permanecer voluntariamente xunto ao seu pobo no canto de escapar canda á súa familia converténdose así nun heroe nacional. Hoxe, o seu fillo Dango trata de reconstruír a historia do home detrás do mito.

«A busca dunha herdanza baseada no factor humano dun home»

Carlos Marañón, CINEMANÍA



Unha exploración humana extraordinaria e irrepetible

Por *Álvaro Corazón Rural*

Quen me ía dicir que nun documental sobre Mirza Delibašić ía descubrir unha persoa extraordinaria, pero que non é o xogador de baloncesto, senón o seu fillo Danko Delibašić. Esa é a miña conclusión despois de ver *Shooting for Mirza*. O documental ten como percha un dos deportistas máis importantes da historia do baloncesto bosníaco e iugoslavo, Delibašić, tamén historia do Real Madrid, pero transcende a cancha para ofrecer un retrato cultural, social e antropolóxico dos Balcáns.

(...) Delibašić era ateo e educado no iugoslavismo. Cando estalou a guerra en Bosnia, fixo causa común cos seus veciños. Antes, non lle pitaran en ningunha cancha iugoslava, nin sequera en Zadar, Croacia, onde máis radicalismo había. Despois, como se conta durante o seu funeral, ao pouco de rematar a guerra foi a Belgrado a ver un Partizan-Estrela Vermella e, nun pavillón inflamado de nacionalismo radical, aplaudíuselle cando se anunciou a súa presenza. Sempre tivo amigos de toda procedencia, algo que non era nada extraordinario en Iugoslavia, pero durante o conflito, mentres Europa e Estados Unidos titubeaban e lavaban as mans, aliñouse inequivocamente e fixo o que estivo na súa man.

Esa misión encomendada consistiu en escapar da cidade para montar un equipo nacional bosníaco de baloncesto. Contan que, correndo de noite baixo as balas, tomouse a fumar un cigarro. "Se me matan, que sexa fumando", din que dixo.

Aparecen vídeos caseiros desa fuxida e reencontro dos xogadores. Son imaxes impagables. Esta fazaña xa está contada noutro documental, *The long shot* (Álvaro González-Aller e Oliver Valente, 2019), aquí o que temos é o que ocorreu entre bastidores. A familia, Danko e Slavica, volveron encontrar a Mirza en Milán. Por desgracia, alí sufriu outro derrame cerebral. Porén, en lugar de permanecer nun lugar segura tratándose, escapou do hospital coas vías colgando porque onde quería estar era en Sarajevo. Pese á situación dramática que se vivía na capital bosníaca, volveu. Encomiable, si, pero desde un punto de vista. Para Danko e Slavica supoñía quedar sós e colgados.

A saída de Sarajevo de xente importante facía que a moral decaese. Delibašić non quería formar parte dese fenómeno. O Real Madrid antes xa ofrecera un avión privado para que puidese saír xunto os seus familiares, pero rexeitou a oferta. O irmán de Danko, Dario, fillo de Branka, a primeira muller de Delibašić, refuxiouse en Belgrado durante a guerra. Cando o vían, a xente saía das súas casas e entregáballe billetes de marcos ao rapaz, incluso reloxos. Aí o seu pai dixo: "Entendes agora por que quedei en Sarajevo?"

Shooting for Mirza, se de algo serve, é para ver como dixeriu o seu fillo Danko o compromiso do seu pai co seu pobo, coa kafana, e non tanto con el e con súa nai. O mero feito de que o explique, se se abra ante unha cámara, dándolle voltas a eses sentimentos, que nin sequera el ten de todo claros, máis alá da fonda dor da perda prematura, fan deste documental unha exploración humana extraordinaria e irrepetible.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

*Sueños robados. El
baloncesto yugoslavo,*
Juanan Hinojo
Ediciones JC, 2020